



ANTONIO FRAGUAS, O TESOURO DA CULTURA POPULAR



QUE É A
CULTURA POPULAR?

É o conxunto de costumes e manifestacións artísticas dun colectivo que se transmiten de xeración en xeración, fundamentalmente de xeito oral

O autor ao que este ano a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras ocupou toda a súa vida en dar a coñecer e poñer en valor o patrimonio colectivo indispensable para comprendermos a nosa personalidade como pobo.

Mais comecemos polo principio. Antonio Fraguas veu ao mundo en Insuela, unha aldea do municipio de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra). O seu nacemento tivo lugar nos últimos días de 1905, que podemos imaxinar marcados pola invernía. E aínda que a súa era unha casa modesta, non lle faltou a calor da súa nai, Teresa, e da "mamá Antonia", unha muller que, fuxindo dun pasado de inxustizas e miserias, atopou refuxio naquel fogar e acabou sendo unha máis da familia.




Mamá Antonia nunca fora á escola, e o único que sabía de letras e de números era o que fora aprendendo en por ela nos mercados e nas feiras en que traballaba dende nena. Pero o seu enxeño natural compensaba a falta de escola, e a súa axilidade para o cálculo era tal que acababa ela máis rápido facendo as contas de cabeza ca calquera de nós co lapis e o papel.

O seu pai, de profesión canteiro, emigrara a Brasil antes de el nacer, onde traballou en obras ferroviarias. Volveu a Galicia coa idea de regresar con toda a familia a terras brasileiras e converter a Antonio Fraguas en maquinista de trens.



Sabiades que entre o ano 1900 e o 1920 se produciu unha **emigración** masiva a América? Calcúlase que máis de 850.000 galegos e galegas cambiaron de continente en busca dunha vida mellor. Moitos deles sen teren os dezaioito anos cumpridos!



Ninguén ten a súa vida escrita de todo, e na de Fraguas cruzouse un mestre con gran capacidade pedagóxica que despertou o seu interese polo coñecemento e, dalgún xeito, impediu que aquel neno emigrase a América.



Mentres outros profesores se limitaban a soltar a restra de ríos e cordilleiras que conforman a nosa xeografía, don Antonio explicábanos por que se forman as serras, por que unhas son máis aguzadas e outras teñen contornas máis suaves...

Será ese don Antonio, mestre na aldea de Famelga, o que convenza os pais de Fraguas de que o neno ten un futuro moi prometedor como estudante. A familia fixo un grande esforzo para que o seu fillo puidese continuar os estudos na cidade de Pontevedra. Hai que ter en conta que naquela época, por falta de recursos, a inmensa maioría dos nenos e nenas só accedían á formación máis elemental.

Antonio Fraguas axiña se converteu nun dos alumnos máis destacados do instituto pontevedrés. Alí ten como profesores algúns dos intelectuais máis ilustres dese tempo: Ramón Sobrino Buhigas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Antón Losada Diéguez, co que axiña establecerá unha relación moi estreita.

ACTIVIDADE: QUEN É QUEN? BUSCA INFORMACIÓN E DESPOIS UNE CON FRECHAS



Losada Diéguez

Escritor, debuxante e político. Está considerado o pai do nacionalismo galego. Finou en Bos Aires en 1950.



Castelao

Recoñecido naturalista e arqueólogo pontevedrés. Finou en Valladolid en 1946.



Sobrino Buhigas

Destacado escritor e político. Morreu en Pontevedra en 1929.



É neses anos mozos en Pontevedra onde Fraguas ten os primeiros contactos coa causa do galeguismo.

Canda outros alumnos de bacharelato, Fraguas funda a que el mesmo bautizou como Sociedade da Lingua, para promover o idioma galego.

Galeguismo: Ideoloxía que se fundamenta na defensa e mellora dos dereitos políticos, sociais e culturais que constitúen a identidade de Galicia.



Rematados os estudos en Pontevedra, parte cara a Santiago para cursar a carreira de Filosofía e Letras. Alí fai amizade coas principais figuras do galeguismo e entra no Seminario de Estudos Galegos, unha prestixiosa institución que naceu para investigar e difundir o noso patrimonio cultural. Nesta etapa tamén forma parte das Irmandades da Fala, creada en 1916 para a defensa da lingua galega. Aínda ten tempo para colaborar en Unión Radio Galicia e ser un dos primeiros en empregar o noso idioma nesta medio de comunicación.



Un **Estatuto de Autonomía** serve para que un territorio (neste caso Galicia), que forma parte dun estado, teña goberno e leis propias.

En 1932, con 27 anos de idade, comeza a traballar no Instituto da Estrada.

É un profesor vocacional, que se preocupa “por explicar os motivos, as razóns, o porqué de cada cousa”, tal e como aprendera do seu querido mestre de Famelga. Desde as filas do Partido Galeguista demanda un Estatuto de Autonomía.

Eu funme zafando, pero durante anos espertei co medo de que me viñesen buscar para unha camiñada polo monte, de ida pero sen volta. Xa nada volveu ser igual.



O 28 de xuño de 1936, as galegas e galegos votaron masivamente a prol do autogoberno, porén aos poucos días unha sublevación militar remataría nunha guerra civil que daría paso á ditadura.

Fraguas é un dos moitos que sofre as represalias: ademais de humillalo publicamente (obrigárono a borrar as pintadas a prol do autogoberno de Galicia), expúlsano da docencia.

Fraguas recordaría sempre o terror duns anos marcados pola perda de moitos amigos.

Son tempos extraordinariamente difíciles. A pesar de todos os atrancos, Fraguas non cae no desalento. Desaparecido o Seminario de Estudos Galegos, nace o Instituto Padre Sarmiento e alí estará el para seguir investigando e divulgando a cultura galega, en especial a máis popular.

Recolle lendas, cantigas, expresións, tradicións ou oficios tradicionais. Fraguas sabe que ese patrimonio que se transmite de xeración en xeración é fundamental para comprender e explicar a identidade de Galicia.



En 1951 ingresa na Real Academia Galega para ocupar a cadeira dun dos seus vellos mestres: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Pouco tempo antes volvera lograr unha praza de profesor. Por fin pode traballar no que o fai feliz. Primeiro dá aulas na cidade de Lugo e, finalmente, na de Santiago, onde estará ata a súa xubilación en 1975.

Para unha persoa de acción coma el, a idade non é un impedimento para seguir traballando arreo por Galicia. Son moitas as persoas e institucións que queren contar co saber e coa experiencia de Fraguas e el ofrece a súa colaboración desinteresada.

Na vellez tamén se fai realidade un dos seus grandes soños: O **Museo do Pobo Galego**. En 1977 ábrese en Santiago este recinto que recolle nunha grande exposición diferentes expresións da cultura popular: o mar, o campo, os oficios, a música, a arquitectura tradicional... Boa parte do que nos fixo singulares como pobo ao longo dos séculos. Antonio Fraguas será fundador e director dun museo que hoxe é referencia.



Poucos persoeiros galegos foron tan recoñecidos en vida coma Antonio Fraguas.

Nos seus últimos anos recibiu múltiples homenaxes por todo o país.

O 5 de novembro de 1999, cando lle faltaba pouco máis dun mes para cumprir os 94 anos, finou en Santiago de Compostela, cidade na que está enterrado.

Galicia despediuno como o que foi, un dos grandes intelectuais dun século que xa remataba, mais tamén como unha persoa do pobo que traballou decote para dignificar a cultura dos seus.

